

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, é necesario establecer o prazo durante o cal poidan presentarse novas solicitudes de avaliación da **actividade docente** ante esta Universidade, polo que

### **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**Primeiro.** O persoal funcionario de carreira ou interino dos corpos docentes universitarios, profesorado contratado doutor fixo ou interino e axudantes doutores en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que presten servizos nesta universidade e cumpran dentro do ano 2022 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo, ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo o modelo oficial, Anexo I.

Así mesmo, o persoal que a 31 de decembro de 2022 se atope en situación de servizos especiais, excedencia voluntaria ou calquera outra situación de excedencia que dea dereito á reserva de posto de traballo, poderá presentar a solicitude de avaliación docente, aínda que os dereitos económicos non se devindicarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

**Segundo.** O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 02 de xaneiro de 2023**.

**Terceiro.** A normativa e demais aspectos de procedemento e efectos da avaliación docente especificanse no Anexo II desta convocatoria.

**Cuarto.** As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes na Sede Electrónica da Universidade de Vigo (<https://scdc.uvigo.gal>), xunto coa documentación correspondente, a través da Instancia Xenérica (SXER) ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo,  
O reitor  
Manuel Joaquín Reigosa Roger

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**A TODO O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO**